



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/40	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de agosto de 2017
Duración	Desde as 9:45 ata as 9:55 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁN XELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas os días 14 e 21 de agosto de 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 14 e 21 de agosto de 2017.

Expediente 5534/2017. Solicitud pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J. P. B. para instalación de sinal de pasaxe permanente na Avda. Castroviejo, nº 37-Coiro, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 5550/2017. Renovación sinal pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M. F. B. de expedición dun novo sinal de pasaxe permanente por deterioro do nº 59 instalado en rúa Retrama, nº 6-Cangas, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

Expediente 5558/2017. Solicitud baixa pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J. G. M. de baixa de sinal de pasaxe permanente que ten

Concello de Cangas



Concello de Cangas

instalado en rúa Atranco, nº 10-Coiro, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/interesada está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/da interesado/interesada se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente.

Expediente 5319/2017. Solicitud de sinalización

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a solicitude presentada por B. S. M. para pintado de liñas amarelas na entrada do camiño en rúa Os Pinos-Travesía, infórmase que xa existe unha zona de exclusión que se atopa na actualidade casi borrada polo que non existe inconveniente en que se proceda ao repintado.

Expediente 455/2017. Licenza urbanística (Expte. nº 25.682)

Non hai acordo	Motivo: Ampliar documentación
-----------------------	--------------------------------------

Expediente 5499/2017. Licenza urbanística

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

EXPEDIENTE Nº 5499/2017 (EXPEDIENTE Nº 24.893.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.844.- A F. M. R. e M. R.P. F., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Boisaca, nº 1-Santiago de Compostela, respectivamente, modifícaselle a referida licenza para a construción de unha vivenda en Chamiceira, nº 58-O Hío, quedando o cadro de superficies construídas como segue: 49,80 m2., de soto 1; 84,73 m2., de soto 2; 123,60 m2., de planta baixa; 103,90 m2., de primeiro andar e 39,70 m2., de terrazas, segundo a documentación presentada en data 17.08.2017. O presuposto de execución material ascende a trinta e seis mil douscentos vinte e seis euros con vinte e catro céntimos (36.226,24 €).

Expediente 992/2017. Infracción urbanística nº 21/2016 (PAULA PÉREZ PAZÓ)



Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Resultando que no lugar da Rocha-Darbo, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: reforma e ampliación (volume) de edificación, sen o recuado do camiño.</p> <p>Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Paula Pérez Pazó, promotora.</p> <p>Resultando que con data 9 de agosto do 2017 o técnico municipal informa que as obras obxecto do presente expediente de infracción se legalizaron coa CP nº 3750/2017.</p> <p>Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma, e o informe do técnico de data 9 de agosto do 2017.</p> <p>Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciránse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de periodo voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.</p> <p>Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.</p> <p>Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:</p> <p>PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a P. P. P., por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.</p> <p>SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.</p> <p>TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.</p> <p>CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.</p>	



QUINTO.- Comunicar ao instructor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

Expediente 5518/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5518/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. B. G., con enderezo a efectos de notificacións no lugar Espiñeira, nº 51-Aldán, para cambio de tella en vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cincocentos sesenta e cinco euros con oito céntimos (565,08 €).

Expediente 5446/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5446/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. D. M., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Padre Ramón María Ayer, nº 6-7ºB-Vigo, para reparación de cerramento existente sito en Baixada á Garita, nº 30-Nerga-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil setecentos setenta e seis euros con sesenta céntimos (1.776,60 €).

Expediente 5417/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento



EXPEDIENTE Nº 5417/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por P. P. M., con enderezo a efectos de notificacións no lugar Rúa do Casás, nº 13-Aldán, para aillamento de fachada, cambio de tella e cambio de carpintería exterior en vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada pola arquitecta Griselda Hernández Nores. O presuposto de execución das obras ascende a vinte e oito mil cento noventa euros con noventa e nove céntimos (28.190,99 €).

Expediente 5513/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5513/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. A. L., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Redondela, nº 2-2ºB, para cambio de carpintería exterior en vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a sete mil vinte e nove euros con noventa e cinco céntimos (7.029,95 €).

Expediente 5475/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5475/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.C. R. M., con enderezo a efectos de notificacións no lugar do Espírito Santo, nº 57, para colocación de plaqueta exterior en parcela sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil cento cincuenta e oito euros con oitenta e cinco céntimos (1.158,85 €).

Expediente 4810/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4810/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. B., con enderezo a efectos de notificacións en lugar San Roque, nº 66-Darbo, para limpeza e pintado de fachadas de edificación existente sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil catrocentos noventa euros con sesenta e dous céntimos (2.490,62 €).

Expediente 5216/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:



Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante, tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, a Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

* Concesión do SAF a J.F.G., con expediente nº 36008/01/002402, pola quenda de libre concorrencia de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter psicosocial.
- Atencións de carácter doméstico.

Programación dun servizo diario de luns a domingos (incluídos festivos) 1,50 h. diarias.

Custo total do servizo: cincocentos setenta e seis euros (576,00 €) (doce euros con oitenta céntimos (12,80 €/hora)).

O cómputo da capacidade económica mensual establece mil trescentos cincuenta e oito euros con corenta e sete céntimos (1358,47 €) mensuais, tendo unha renda per capita familiar de trescentos trinta e nove euros con sesenta e dous céntimos (339,62 €).

Achega económica da persoa usuaria: cero euros (0,00 €/mes).

O servizo de SAF iniciarase o 1 de setembro de 2017.

Expediente 3247/2017. C-17/10 (Adxudicación servizo de mantemento de ascensores)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Expediente núm.: C-17/10__3247/2017

Contrato: SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE ASCENSORES

Procedemento: procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, único criterio de adxudicación (prezo máis baixo)

Asunto: proposta de adxudicación definitiva

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do servizo de mantemento de ascensores instalados en diferentes edificios municipais.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil "A. EMBARBA SA", por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (entrada nº 9761 do día 21.08.2017) a documentación relativa á declaración responsable de vixencia e non variación na inscrición no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificados do Estado, xustificante do pago do



anuncio de licitación e que así mesmo constituiu garantía definitiva por importe de seiscentos trinta e nove euros (639,00 €) mediante transferencia bancaria.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á empresa "A. *EMBARBA SA*", o contrato de servizo de mantemento de ascensores polo seguinte importe anual:

- Importe neto:6.390,00 €
- IVE:1.341,90 €
- Total:7.731,90 €

Segundo.- A duración deste contrato é de 2 anos, con efectos desde o día 1 de setembro de 2017, sendo susceptible dunha prórroga de carácter anual.

Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo ás seguintes aplicacións do vixente orzamento municipal: 231.213, 241.213, 320.213, 330.213, 334.213, 431.213 e 920.213.

Cuarto.- Notificar a "A. *EMBARBA SA*", a adxudicación do contrato e citar ao seu representantes para a sinatura deste.

Quinto.- Nomear responsables do contrato aos empregados municipais F. F. G. e A. S. M., a quen lles corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCS.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como aos responsables do contrato.

Expediente 5355/2017. Proposta de adhesión do Concello de Cangas ao ao proxecto PREVERADÓN a presentar pola Deputación Provincial de Pontevedra (LIFE +2017-FEDER)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

Vista a documentación recibida neste concello o día 8 de agosto do ano que andamos, remitida pola Deputación de Pontevedra, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

* Que o Concello de Cangas participe, sen custo económico para o Concello, no proxecto a presentar pola Deputación de Pontevedra para solicitar fondos FEDER a través da convocatoria LIFE+2014-2020.



As Rías Baixas están consideradas como “zona determinada de alta concentración de gas Radón” por, entre outros motivos, a numerosa cantidade de construcións realizadas en granito. A participación neste proxecto sen custo económico permitirá ao Concello de Cangas coñecer, unha vez se obteñan os resultados do previsto no proxecto (estudo dos inmobles municipais para saber o nivel de aporte de gas Radón que realizan ao medio ambiente, propostas factibles para evitar/minimizar as emisións, etc.) a situación real de contaminación do termo, detectar a existencia de zonas sensibles e coñecer recomendacións de profesionais para a mellora da realidade.

Expediente 2022/2017. Certame de carteis Festas do Cristo 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto que con data 10 e xullo de 2017 se reuniu o xurado designado para a concesión do premio do CERTAME DE CARTEIS DAS FESTAS DO CRISTO 2017, organizado pola Concellería de Cultura e Normalización Lingüística, documentada mediante acta na que se acorda conceder:

1º Premio e Gañadora do concurso:

Lema: "Comeza a Festa" de I. N. M. con enderezo en O Carramal, nº 57-Salcedo-36143 (Pontevedra).

Visto o informe de intervención de data 24 de agosto de 2017, no que se require a incorporación ao expediente de:

1. Acordo de nomeamento do xurado.
2. Acreditación por parte da persoa que resulta premiada o cumprimento dos extremos a que fai referencia a base de execución 53.

A Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Conceder a Isabel Núñez Montero, con enderezo en O Carramal, nº 57-Salcedo-36143 (Pontevedra) o premio do certame de carteis das Festas do Cristo 2017, por importe de catrocencos euros (400,00 €).

SEGUNDO.- Requirir ao Departamento de Cultura e normalización lingüística a incorporación ao expediente do acordo de nomeamento do xurado. Requirir á persoa premiada a acreditación do cumprimento dos extremos a que fai referencia a base de execución 53.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ás persoas e departamentos interesados para os efectos de subsanación das omisións e prosecución do procedemento.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Concello de Cangas

Dación de conta de sinatura de convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura o día 07.07.2017 do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850